



**Día Mundial das Artes Escénicas para a Infancia e a Mocidade 2020**  
**Leva un neno ao teatro hoxe / Leva unha nena ao teatro hoxe**

"Desde que nacín, medrei imitando aos meus pais todo o tempo. Como camiñar, como comer e como falar; aprendín todo isto imitando aos meus pais. Despois, cando fun maior abondo para entender as cousas, tomado dos meus pais, aprendín a ir ao teatro. O teatro era para min o país máxico. O primeiro que se vía ao entrar no teatro era un pano caído. Lembro que esperaba que o pano se levantase cunha grande expectación, preguntándome que había detrás dese pano caído. Cando o pano finalmente se abriu, había un mundo de soño creado pola escenografía, a iluminación e o vestiario. Ás veces, era algo creado coma no mundo real, e outras veces, era unha paisaxe imposible no mundo real. Había artistas con varios disfraces chorando, rindo, cantando e bailando. E durante o intervalo, podíamos escoitar sons de golpes e estrondos. Se era un teatro pequeno, e eu estaba sentado na primeira fila, podía subir o pano para mirar dentro. Sorprendentemente, unha escena estaba sendo cambiada nun intre por un grande escenario que se xiraba e se movía cara atrás. Despois, na casa, eu imitaba ao actor. O meu favorito era o papel de samurai. Debuxei as cellas de varón, confeccionei unha perruca, e xoguei a facer modelos a escala dun escenario; un escenario xiratorio, un escenario con luces feitas con bombillas en miniatura... E por suposto, intentei cambiar de escena con el.

Tendo ascendido ao longo destas experiencias, finalmente entrei nunha compañía de teatro profesional. Pero naquela época, non había ningunha escola de teatro contemporáneo. Acudín a un mestre de teatro tradicional e aprendín as técnicas teatrais transmitidas de forma tradicional. Aprender o teatro tradicional significa imitar todo o que o mestre fai e facer un esforzo para ser exactamente coma o mestre. Entón, un día, inesperadamente, conseguín unha oportunidade de traballar baixo a dirección de Peter Brook. A primeira lección que tiven con el foi de improvisación, algo que nunca experimentara. Aínda que me dixeron que fixese improvisación, non tiña nin idea de que facer, así que empecei a facer movementos que combinaban todos os movementos tradicionais que aprendera en Xapón. Pero un día, Brook deume unha nota que dicía: "Non imites o teatro tradicional xaponés". Impresionado pola súa nota, sentínme coma se me botasen so ao grande océano. Non tiña nada no que basearme e era coma un barco naufragado que vai á deriva de aquí para alá. Pero ese foi o momento no que comecei a reflexionar sobre a creación por primeira vez.

Decateime de que o meu traballo non era simplemente reproducir o que xa existía no pasado na forma na que o fai o teatro tradicional, senón crear as miñas propias expresións. E crear non é crear algo da nada como fai Deus, senón imitar o que xa existiu previamente e ir máis alá. Van Gogh foi influenciado por Ukiyoe, Picasso creou as súas propias pinturas inspiradas nas artes africanas, e Miró obtivo suxestións dos caracteres chineses; todo foi desenvolvido a partir do que xa existía.

O camiño que tomei é probablemente o mesmo. A miña vida foi imitar todo o que vin e escoitei no teatro e despois facer esforzos para ir máis alá. E esta experiencia levoume a atopar unha forma de vivir, pasando a través e máis alá do teatro.”

Yoshi Oida

Yoshi Oida

Actor, director e escritor. Nacido na Prefectura de Hyogo en 1933. Actualmente reside en París, Francia. Empezou a súa carreira como actor en Bungakuza e na Compañía de Teatro Shiki. Desde 1970 traballou con Peter Brook no CIRT (Centro Internacional de Investigación Teatral). Actuou en Mahabarhata, Tempest e The Man Who, dirixida por Peter Brook, Shunkin, dirixida por Simon McBurney e moitas outras. Tamén dirixiu varias obras de teatro e óperas. O libro "Un actor a la deriva", que escribiu e publicou en 1989, foi traducido a 17 idiomas e é considerado como "a biblia do actor" en todo o mundo. Recibiu os seguintes honores do Goberno francés: Chevalier de l'Ordre des Arts et des Lettres, Francia (1992), Officier de l'Ordre des Arts et des Lettres, Francia (2007), e Commandeur de l'Ordre des Arts et Lettres, Francia (2013).